



As empresas do polígono do Ceao poden navegar a velocidades de ata 1 Xigabit coa nova tecnoloxía de fibra despregada por R

- Máis de 500 empresas desta área empresarial luguesa poden beneficiarse xa do cambio de tecnoloxía na rede de R coa que serán quen de navegar a velocidades ultrarrápidas e con maior seguridade e estabilidade***
- Este despregamento enmárcase dentro dos plans anuais da compañía para mellorar a calidade e potencia da súa rede e ofrecerlles, así, os servizos máis avanzados aos seus clientes/as***
- Con esta iniciativa, desenvolvida nos últimos meses de 2020, R dálles resposta ás crecentes necesidades de comunicacións dunha das principais áreas industriais da provincia luguesa***

Luns, 1 de marzo de 2021.- As empresas do polígono do Ceao, en Lugo, poden beneficiarse xa das melloras de rede implantadas nos últimos meses pola operadora galega grazas ao despregamento dunha nova tecnoloxía de fibra óptica que lles ofrece maior celeridade e seguridade.

O desenvolvemento desta nova tecnoloxía permítelles a máis de 500 empresas desta área empresarial acadar velocidade de ata un Xigabit simétrico por segundo e accesos á rede moito máis estables e homoxéneos.

Apoio ás áreas industriais galegas

A aposta da operadora galega por este desenvolvemento reflíctese igualmente noutras zonas industriais da comunidade. Así, este eixe de actuación ten permitido ofrecer unha mellora do servizo nun **total de 24 polígonos empresariais** de Galicia, que aglutinan a preto de 9.000 empresas e/ou emprendedores.

Estes traballos de rede teñen suposto un investimento global de 0,2 millóns de euros e enmárcanse dentro dos plans anuais de **R** para optimizar e mellorar a calidade e potencia da súa rede de fibra, de cara a ofrecer os servizos máis avanzados, en maior medida, se cabe, para as empresas galegas.

Trátase, en definitiva, dun intenso traballo desenvolvido por **R** nos últimos anos para mellorar a cobertura dos seus servizos no territorio galego. A este obxectivo prioritario da operadora ténselle dado un pulo importante, maior inclusive nos últimos meses, en resposta ás crecentes necesidades da sociedade galega, nunha situación tan extraordinaria como a da pandemia, que ten multiplicado exponencialmente o uso das telecomunicacións nos fogares e empresas a todos os niveis.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal